

## ConArtritis-Pontevedra (ASEARPO) atende a máis de 100 persoas a través dun programa destinado a pacientes de artrite, familiares e persoas cuidadoras

- *Este servizo, incluído no proxecto de Promoción da Autonomía Persoal, é posible grazas ao cofinanciamento da Xunta de Galicia a través dos fondos do 0,7% do IRPF da declaración da renda procedente das persoas contribuíntes que marcan o cadro de “Actividades de interese xeral consideradas de interese social” xestionado por COGAMI.*



Redondela, Decembro 2021.

ConArtritis-Pontevedra ASEARPO, delegación da Coordinadora Nacional de Artrite, ConArtritis, mediante este programa de atención especializada, logrou desenvolver diferentes actuacións para dar resposta ás necesidades que presentan as persoas afectadas por artrite reumatoide, artrite psoriásica, artrite idiopática xuvenil, espondilitis anquilosante e espondiloartritis dentro da provincia de Pontevedra. O servizo, coordinado por unha traballadora social e unha psicóloga, prestou atención a máis de 100 persoas resolvendo consultas e dúbidas, realizando acompañamentos en diferentes xestións, buscando recursos de apoio e prestando atención psicolóxica grupal e individual.

Destas actuacións non só se beneficiaron as persoas que padecen a enfermidade, senón tamén a súa contorna. Aumentar os coñecementos sobre o manexo da enfermidade, achegar os recursos dispoñibles ás persoas, prestar apoio psicolóxico continuado ou mellorar a autonomía son algúns dos obxectivos que se perseguen coa finalidade de mellorar o benestar das persoas que se achegan á asociación.

Para poder ofrecer este servizo, ConArtritis-Pontevedra ASEARPO conta co **cofinanciamento da Xunta de Galicia**, en concreto da Consellería de Política Social, a través da subvención para a execución de **programas de interese xeral con fins sociais, con cargo á dotación fiscal do 0,7% do IRPF**, de 12000 euros, que se xestiona dende a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

### **A presenza da entidade na provincia de Pontevedra**

Ademais dos servizos que se ofrecen na sede, ConArtritis-Pontevedra (ASEARPO) está presente nos diferentes puntos de atención das asociacións de pacientes habilitados nos hospitais da provincia.

Dende a entidade promóvese a atención das persoas diagnosticadas, polo que durante todo o ano desenvólvese un taller de psicoloxía co que dotar ás persoas dos coñecementos necesarios para xestionar a enfermidade e manter unha boa calidade de vida.

As persoas interesadas en recibir máis información poden contactar mediante as seguintes vías:

- Teléfono e WhatsApp: 638 395 017 / 744 619 464
- Presencial:
  - Na sede situada no Edificio Multiusos Chapela. R/ Piñeiral do Crego, s/n - 36320 Chapela -Redondela (Pontevedra).
  - No Hospital Provincial de Pontevedra, dentro do espazo de asociacións, os martes en horario de 11:30 a 13:00
- E-mail: [asearpo.pontevedra@conartritis.org](mailto:asearpo.pontevedra@conartritis.org)